



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Xefatura Territorial
Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

Avenida da Habana, 79, 1
32071 Ourense
988 386 931



Mª SUSANA FERNANDEZ LOPEZ
asociación OURENSANA ESCLEROSIS MÚLTIPLE . ELA.PARKINSON Y
OTRAS ENF. NEURODEGENERATIVAS
RUA RECAREDO PAZ 1
32325 OURENSE (Ourense)

Asunto: Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 01/02/2021 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por Dna Mª SUSANA FERNANDEZ LOPEZ en nome e representación da **asociación ASOC. "OURENSANA ESCLEROSIS MÚLTIPLE . ELA.PARKINSON Y OTRAS ENF. NEURODEGENERATIVAS"**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1996/001673-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 19/11/2020, na que consta a identidade dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos.

Segundo. Na resolución de data 17 de febreiro de 2021, sobre inscripción da Xunta Directiva da asociación OURENSANA ESCLEROSIS MÚLTIPLE . ELA.PARKINSON Y OTRAS ENF. NEURODEGENERATIVAS, indicase por erro, na composición da Xunta Directiva, a don Jesús Ángel Álvarez Peña como vogal cando cesou do cargo segundo a certificación aportada, polo que a composición da Xunta Directiva é a seguinte:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTA	Mª SUSANA FERNÁNDEZ LÓPEZ
VICEPRESIDENTA	DOLORES JOVITA ALONSO GONZÁLEZ
SECRETARIO	ALBERTO ISMAEL PERMUY PANTÍN
TESOUREIRA	MARÍA GARCÍA QUINTELA
VOGAL	SOCORRO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
VOGAL	HUGO SOUTO BÓVEDA

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que *"as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"*.

Quinto. O xefe Territorial de Ourense é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 214/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da asociación ASOC. "OURENSANA ESCLEROSIS MÚLTIPLE . ELA.PARKINSON Y OTRAS ENF. NEURODEGENERATIVAS" de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Xefatura Territorial
Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

Avenida da Habana, 79, 1
32071 Ourense
988 386 931

galicia

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

